

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	10	10	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	80	80	30	40	50	60	0	100	0	80
Táboa de indicadores	20	20	70	60	50	40	100	0	100	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	100
Proba escrita	75	0	51
Táboa de indicadores	25	100	49

Criterios de cualificación:

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou unidade didáctica.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

a) As probas escritas, que incidirán, fundamentalmente, na aplicación práctica dos contidos teóricos do programa e que puntuarán un 60% da nota total.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión da profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

A profesora resérvase o dereito de poñer tantas preguntas como considere oportunas en cada proba escrita e sinalará por escrito a nota que corresponde a cada unha delas.

No caso de que se fixeran dúas probas por avaliación, o alumnado debe acadar unha nota do 30% en cada unha delas.

b) As tarefas e exercicios que se esixan tanto para a súa realización na aula como na casa puntuarán o 20% da nota total. En cada momento a profesora indicará se se trata de tarefas e exercicios de obrigado cumprimento ou se teñen carácter voluntario, o que implica que contribuirían a subir nota.

Os criterios de corrección para as tarefas de clase de cada unidade didáctica do novo currículo da LOMLOE, virán dados por un modelo de rúbrica, grazas ao que obteremos unha valoración cualitativa e cuantitativa para cada estándar de aprendizaxe en cada alumno.

c) As lecturas de obras da literatura greco-romana: a valiación levarase a cabo a través da lectura dunha obra como mínimo por avaliación que puntuará un 10% da nota total. Queda a criterio da profesora o tipo de seguimento que se realice con cada obra para verificar que esta foi lida e que o alumnado traballou sobre ela: unha tarefa, unha proba escrita ou oral.

d) As cuestións de actitude ante a materia, esforzo, atención, dedicación, interese, etc. puntuarán un 10% da nota total.

CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula: $(1.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,34) + (2.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,33) + (3.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,33)$

- 1.^a avaliación achega o 34 % da cualificación final.
- 2.^a avaliación achega o 33 % da cualificación final.
- 3.^a avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na 3^a avaliación e final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliação da cada UD.

Criterios de recuperación:

Antes da 3^a avaliación, considerada tamén final, haberá unha serie de probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas no caso de que a cualificación final non chegase a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recalificar e recuperar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliação das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocione sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado.

O departamento programará as actividades que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento, os criterios de avaliação. O profesorado responsable será, o profesorado da materia.

O seguimento destes programas realizarase a través da aula virtual onde se irán fixando as tarefas que o alumnado coa materia pendente deberá realizar ao longo de cada unha das avaliacións.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas tres avaliacións.

De non ter superado a materia a través deste procedemento, o alumnado coa materia pendente deberá presentarse ás probas de recuperación da materia nas mesmas condicións e datas ca o alumnado que cursa a materia neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que